

**ACTA DA 2ª SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA O DÍA 06 DE FEBREIRO DE 2019 DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN POLO PROCEDEMENTO ABERTO, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DO CONTRATO MIXTO PARA O “SUBMINISTRO, INSTALACIÓN E POSTA EN SERVIZO DUN XESTOR DE ANCHO DE BANDA, ASÍ COMO A RENOVACIÓN E AMPLIACIÓN DO CPD MUNICIPAL PARA SUSTENTAR A MODERNIZACIÓN A TRAVES DAS TIC”, DOUS LOTES, PARCIALMENTE FINANCIADO POLO FEDER MEDIANTE O PROGRAMA OPERATIVO DE CRECEMENTO SUSTENTABLE (POCS) 2014-2020”**

Expediente: 6229/2018

Na Sala de Xuntas da Casa do Concello da Estrada, sendo as 10:15 horas, do día 06 de febreiro de 2019, reúnen os integrantes da Mesa de Contratación que se constitúe para dar a coñecer a valoración asignada, segundo o informe técnico redactado ao efecto, aos criterios de adxudicación cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor e a continuación procederáse á apertura do sobre ou arquivo electrónico 3 titulado: OFERTA DE CRITERIOS AVALIABLES EN CIFRAS OU PORCENTAXES, correspondente ao contrato de “SUBMINISTRO, INSTALACIÓN E POSTA EN SERVIZO DUN XESTOR DE ANCHO DE BANDA, ASÍ COMO A RENOVACIÓN E AMPLIACIÓN DO CPD MUNICIPAL PARA SUSTENTAR A MODERNIZACIÓN A TRAVES DAS TIC”, DOUS LOTES, PARCIALMENTE FINANCIADO POLO FEDER MEDIANTE O PROGRAMA OPERATIVO DE CRECEMENTO SUSTENTABLE (POCS) 2014-2020”, que se divide en dous lotes:

- Lote 1: SUBMINISTRO, INSTALACIÓN E POSTA EN SERVIZO DE UN XESTOR DE BANDA ANCHA.
- Lote 2: RENOVACIÓN E AMPLIACIÓN DO CPD MUNICIPAL.

Os membros da Mesa son:

PRESIDENTE: O Sr. Alcalde D. José C. López Campos.

VOGAIS:

- Dona Lucía Artime Alonso, Secretaria Municipal
- Dona Carmen Gómez Otero, Interventora Municipal
- D. Marcos Andujar Mato, Técnico do departamento Municipal de Informática.
- Non asiste dna. Mar Blanco Casais, concelleira do Grupo Municipal de MOVETE.

ASESOR:

- D. Diego Pernas Fernández, Técnico Informático da Fundación Cultural.

SECRETARIA DA MESA: Dna. María Jesusa Fernández Bascuas, Administrativo do Arquivo, adscrita ao Departamento de Secretaría.

Unha vez formada a Mesa o Sr. Presidente comenza indicando que na Mesa anterior, celebrada o día 31 de xaneiro procedeu a apertura da documentación administrativa, a determinación das empresas aceptadas á licitación e a apertura do sobre ou arquivo electrónico 2 correspondente aos criterios non avaliados en cifras ou porcentaxes e entrega ao Técnico Informático para o seu informe.

De seguido e xa en sesión pública, a que asiste D. José Ramón Solo Alonso con DNI nº 44,833,283-G, en representación da empresa INFORHOUSE S.L., dáse a coñecer a valoración asignada aos criterios non avaliados en cifras ou porcentaxes dos dous lotes, segundo o informe técnico redactado ao efecto polo técnico informático do Concello, D. Marcos Andujar Mato, co seguinte resultado:

**- ESTUDIO DO INFORME TÉCNICO SOBRE OS CRITERIOS NON AVALIABLES EN CIFRAS OU PORCENTAXES DO LOTE 1 “SUBMINISTRO, INSTALACIÓN E POSTA EN SERVIZO DE UN XESTOR DE BANDA ANCHA.”**

O informe emitido por D.Marcos Andujar Mato, Técnico Informático do Concello, de data 06 de febreiro de 2019, en relación cos criterios non avaliados en cifras ou porcentaxes, reproducése aquí de xeito literal:

“INFORME DE VALORACIÓN DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS POLOS LICITADORES PARA A CONTRATACIÓN DO PROCEDIMENTO: “SUBMINISTRO, INSTALACIÓN E POSTA EN SERVIZO DUN XESTOR DE LARGO DE BANDA, ASÍ COMO A RENOVACIÓN E AMPLIACIÓN DO CPD MUNICIPAL PARA SUSTENTAR A MODERNIZACIÓN A TRAVÉS DAS TIC”, LOTE1. SUBMINISTRO, INSTALACIÓN E POSTA EN SERVIZO DUN XESTOR DE LARGO DE BANDA.

EXP: 6229/2018

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. EMPRESAS LICITADORAS ADMITIDAS
3. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN SUXEITOS A XUÍZO DE VALOR(SOBRE 2)
  - 3.1. VALORACIÓN DO CRITERIO 1.1 CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS E CAPACIDADE DE XESTIÓN DA SOLUCIÓN PROPOSTA
  - 3.2. VALORACIÓN DO CRITERIO 1.2.NIVEL DE MADUREZ E FIABILIDADE DA SOLUCIÓN PROPOSTA
  - 3.3. VALORACIÓN DO CRITERIO 1.3.METODOLOXIA PROPOSTA
  - 3.4. VALORACIÓN DO CRITERIO 1.4.FUNCIONALIDADES ADICIONAIS
4. CONCLUSIÓN GLOBAL

### 1. INTRODUCCIÓN.

Segundo se establece no punto 18 do prego de prescricións administrativas particulares para a contratación do “SUBMINISTRO, INSTALACIÓN E POSTA EN SERVIZO DUN XESTOR DE LARGO DE BANDA, ASÍ COMO A RENOVACIÓN E AMPLIACIÓN DO CPD MUNICIPAL PARA SUSTENTAR A MODERNIZACIÓN A TRAVÉS DAS TIC”, LOTE1. SUBMINISTRO, INSTALACIÓN E POSTA EN SERVIZO DUN XESTOR DE LARGO DE BANDA, no caso de que a presentación dos sobres nº DOUS sexa obrigatoria, procederase, nun prazo non superior a 7 días a contar dende a apertura dos Sobres nº UN, á apertura nun acto público dos sobres nº DOS, identificados como “OFERTA DE CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR”, ó obxecto de avaliar o seu contido con respecto ós criterios expresados no Anexo VI.

A Mesa de Contratación solicitou informe de valoración dos criterios de adxudicación suxeitos a xuízo de valor, e que corresponden a documentación contida no Sobre nº DOS, das ofertas presentadas polas empresas licitadoras admitidas

### 2. EMPRESAS LICITADORAS ADMITIDAS

Relaciónanse na seguinte táboa as empresas licitadoras que foron admitidas, e as que se procede a realizar as correspondentes valoracións

EMPRESAS LICITADORAS	CIF
INFORHOUSE, S.L.	B-36.112.803

### 3. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN SUXEITOS A XUÍZO DE VALOR (SOBRE 2)

Os criterios de adxudicación suxeitos a xuízo de valor (Sobre 2) segundo establece o Anexo VI: LOTE1: SUBMINISTRO, INSTALACIÓN E POSTA EN SERVIZO DUN XESTOR DE LARGO DE BANDA do prego de Cláusulas Administrativas Particulares son:

	Criterio	Avaliable mediante formula	Puntuación
1	Criterios suxeitos a Xuízo de valor(Sobre2): 45 puntos (mínimo 20 puntos)		
1.1	-Características técnicas e capacidade de xestión da solución proposta	N	25
1.2	-Nivel de madurez e fiabilidade da solución proposta	N	10
1.3	-Metodoloxía proposta	N	5
1.4	-Funcionalidades adicionais	N	5

-Total ponderación de valoracións: 45 puntos.

### 3.1. VALORACIÓN DO CRITERIO 1.1 CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS E CAPACIDADE DE XESTIÓN DA SOLUCIÓN PROPOSTA (ATA UN MÁXIMO DE 25 PUNTOS)

Valorarase segundo os seguintes criterios:

- Largo de banda xestionable.
- Tipo e número de interfaces.
- Conexións e fluxos xestionables co largo de banda mínimo propostos.
- Capacidade de clasificación do tráfico.
- Capacidade e facilidade para definir e aplicar regras de calidade de servizo.
- Capacidade e facilidade para xestionar o tráfico a nivel de usuario.
- Funcionalidades de explotación de datos da ferramenta de xestión centralizada.
- Funcionalidades do servizo de protección en tempo real ante ataques.

LICITADOR	INFORHOUSE, S.L
CRITERIO	XUSTIFICACIÓN
Largo de banda xestionable.	1 GB Full Duplex (2GB Troughput), escalable ata 8GB Troughput (mínimo esixido)
Tipo e número de interfaces..	Cumpre cos requisitos mínimos
Conexións e fluxos xestionables co largo de banda mínimo propostos.	Cumpre cos requisitos mínimos
Capacidade de clasificación do tráfico.	Cumpre cos requisitos mínimos
Capacidade e facilidade para definir e aplicar regras de calidade de servizo.	Cumpre cos requisitos mínimos
Capacidade e facilidade para xestionar o tráfico a nivel de usuario.	Cumpre cos requisitos mínimos
Funcionalidades de explotación de datos da ferramenta de xestión centralizada.	Cumpre cos requisitos mínimos
Funcionalidades do servizo de protección en tempo real ante ataques.	Servizo de protección en tempo real ante ataques de rede: DDoS licenciado 5 anos.
PUNTUACIÓN	22

### 3.2. VALORACIÓN DO CRITERIO 1.2.NIVEL DE MADUREZ E FIABILIDADE DA SOLUCIÓN PROPOSTA (ATA UN MÁXIMO DE 10 PUNTOS)

Valorarase segundo os seguintes criterios:

- Que sexa unha solución amplamente testada no mercado.

-Que se xustifique adecuadamente a interoperabilidade de todos os elementos propostos, tanto hardware como software, sendo esta asumida a priori no caso de que todos os elementos principais sexan do mesmo provedor.  
 -A remisión de elementos que proben a capacidade de xestión dos equipos en diferentes situacións de carga e demanda de fluxos por parte da rede ou, alternativamente, un compromiso explícito en este senso.

LICITADOR	INFORHOUSE, S.L
CRITERIO	XUSTIFICACIÓN
solución amplamente testada en el mercado	Tratase de dunha solución amplamente coñecida e testada no mercado
Xustificación adecuada da interoperabilidade de todos os elementos propostos, tanto hardware como software, sendo esta asumida a priori no caso de que todos os elementos principais sexan do mesmo provedor.	Cumpre cos requisitos mínimos
Capacidade de xestión dos equipos en diferentes situacións de carga e demanda de fluxos por parte da rede ou, alternativamente, un compromiso explícito neste senso.	Cumpre cos requisitos mínimos
PUNTUACIÓN	10

### 3.3. VALORACIÓN DO CRITERIO 1.3.METODOLOXÍA PROPOSTA (ATA UN MÁXIMO DE 5 PUNTOS)

Valorarase segundo os seguintes criterios:

- Claridade na súa exposición.
- Nivel de concreción das principais etapas, tarefas, axentes implicados e riscos.
- Calidade da proposta de coordinación co Concello.

LICITADOR	INFORHOUSE, S.L
CRITERIO	XUSTIFICACIÓN
Claridade na súa exposición.	Documento suficientemente claro e conciso.
Nivel de concreción das principais etapas, tarefas, axentes implicados e riscos.	Concrétanse as etapas, tarefas e axentes implicados con moito detalle e de maneira correcta.
Calidade da proposta de coordinación co Concello	Proposta de coordinación co Concello moi especificada e concisa.
PUNTUACIÓN	5

### 3.4. VALORACIÓN DO CRITERIO 1.4.FUNCIONALIDADES ADICIONAIS (ATA UN MÁXIMO DE 5 PUNTOS)

Valorarase que o equipamento proposto inclúa funcionalidades adicionais a maiores das recollidas como obrigatorias nos pregos. Para iso terase en conta os seguintes aspectos:

- Deben ser funcionalidades que se ofrezan sen coste adicional por un período temporal mínimo de un ano.
- Deben ser funcionalidades que aporten un valor engadido á xestión de servizos do consistorio.
- Terase en conta o período de tempo durante o cal se ofrecen ditas funcionalidades adicionais.

LICITADOR	INFORHOUSE, S.L
FUNCIONALIDADES ADICIONAIS	XUSTIFICACIÓN
Non se contemplan	Non se contemplan
PUNTUACIÓN	0

## 4. CONCLUSIÓN GLOBAL

Tendo valorado todos os criterios de adjudicación avaliados a xuízo de valor (Anexo VI), as puntuacións globais obtidas por cada unha das empresas licitadoras son as que se detallan a continuación:

Empresa licitadora	1.1. Características técnicas e capacidade de xestión da solución proposta	1.2. Nivel de madurez e fiabilidade da solución proposta	1.3. Metodoloxía proposta	1.4. Funcionalidades adicionais	Puntuación
INFORHOUSE, S.L.	22	10	5	0	37

Este é o meu informe, que se emite na Estrada a día 6 de febreiro de 2019,

Asinado dixitalmente á marxe

Marcos Andújar Mato”

D. Marcos Andujar Mato, explica a Mesa cas valoracións outorgas a cada Licitador.

A Mesa por unanimidade acorda subscribir as puntuacións outorgadas no informe de valoración dos criterios non avaliados en cifras ou porcentaxes correspondente ao lote 1 denominado “Subministro, instalación e posta en servizo de un xestor de banda ancha”, que outorgan a **INFORHOUSE S.L.** a puntuación no **Sobre DOUS** de **37 puntos**, desglosada do seguinte xeito:

- Características técnicas e capacidade de xestión da solución proposta: 22 puntos
- Nivel de madurez e fiabilidade da solución proposta: 10 puntos
- Metodoloxía proposta: 5 puntos
- Funcionalidades adicionais: 0 puntos

**- ESTUDIO DO INFORME TÉCNICO SOBRE OS CRITERIOS NON AVALIADOS EN CIFRAS OU PORCENTAXES DO LOTE 2 “RENOVACIÓN E AMPLIACIÓN DO CPD MUNICIPAL”**

O informe emitido por D.Marcos Andujar Mato, Técnico Informático do concello de data 06 de febreiro de 2019, en relación cos criterios non avaliados en cifras ou porcentaxes, reproducése aquí de xeito literal:

“INFORME DE VALORACIÓN DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS POLOS LICITADORES PARA A CONTRATACIÓN DO PROCEDIMENTO: “SUBMINISTRO, INSTALACIÓN E POSTA EN SERVIZO DUN XESTOR DE LARGO DE BANDA, ASÍ COMO A RENOVACIÓN E AMPLIACIÓN DO CPD MUNICIPAL PARA SUSTENTAR A MODERNIZACIÓN A TRAVÉS DAS TIC”, LOTE 2. RENOVACIÓN E AMPLIACIÓN DO CPD MUNICIPAL.

EXP: 6229/2018

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. EMPRESAS LICITADORAS ADMITIDAS
3. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN SUXEITOS A XUÍZO DE VALOR(SOBRE 2)

3.1. CARACTERÍSTICAS DA SOLUCIÓN E CAPACIDADE TÉCNICA

4.-CONCLUSIÓN GLOBAL

### 1. INTRODUCCIÓN.

Segundo se establece no punto 18 do prego de prescricións administrativas particulares para a contratación do “SUBMINISTRO, INSTALACIÓN E POSTA EN SERVIZO DUN XESTOR DE LARGO DE BANDA, ASÍ COMO A RENOVACIÓN E AMPLIACIÓN DO CPD MUNICIPAL PARA SUSTENTAR A MODERNIZACIÓN A TRAVÉS DAS TIC”, LOTE 2. RENOVACIÓN E AMPLIACIÓN DO CPD MUNICIPAL, no caso de que a presentación dos sobres nº DOS sexa obrigatoria, procederase, nun prazo no superior a 7 días a contar dende a apertura dos Sobres nº UN, á apertura nun acto público dos sobres nº DOS, identificados como “OFERTA DE CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR”, ó obxecto de avaliar o seu contido con respecto ós criterios expresados no Anexo VI.

A Mesa de Contratación solicitou informe de valoración dos criterios de adxudicación suxeitos a xuízo de valor, e que corresponden a documentación contida no Sobre nº DOUS, das ofertas presentadas polas empresas licitadoras admitidas

### 2. EMPRESAS LICITADORAS ADMITIDAS

Relaciónanse na seguinte táboa as empresas licitadoras que foron admitidas, e as que se procede a realizar as correspondentes valoracións

EMPRESAS LICITADORAS	CIF
INFORHOUSE, S.L.	B-36.112.803

### 3. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN SUXEITOS A XUÍZO DE VALOR (SOBRE 2)

Os criterios de adxudicación suxeitos a xuízo de valor (Sobre 2) segundo establece o Anexo VI: **LOTE 2. RENOVACIÓN E AMPLIACIÓN DO CPD MUNICIPAL** do prego de Cláusulas Administrativas Particulares son:

	Criterio	Avialable mediante formula	Puntuación
1	Criterios suxeitos a xuízo de valor(Sobre2): 49 puntos (mínimo 25 puntos)		
1.1	Características da solución e capacidade técnica	N	49
	Deseño, arquitectura, características e detalle técnico da proposta(30 puntos)		
	Metodoloxía e equipo de traballo (5 puntos)		
	Plans de traballo, migración e capacitación(14 puntos)		

-Total ponderación de valoracións: 49 puntos.

#### 3.1. VALORACIÓN DO CRITERIO 1.1 CARACTERÍSTICAS DA SOLUCIÓN E CAPACIDADE TÉCNICA (ATA UN MÁXIMO DE 49 PUNTOS)

Valorarase segundo os seguintes criterios:

-Deseño, arquitectura, características e detalle técnico da proposta (30 puntos)

-Metodoloxía e equipo de traballo (5 puntos)

-Plans de traballo, migración e capacitación (14 puntos)

LICITADOR	INFORHOUSE, S.L
CRITERIO	XUSTIFICACIÓN
Deseño, arquitectura, características e detalle técnico da proposta	Deseño e arquitectura de rede e sistemas moi especificado e personalizado, con coherencia cos sistemas existentes na actualidade. Solución altamente escalable e con gran nivel de detalle.
Metodoloxía e equipo de traballo	Metodoloxía proposta coherente e áxil ante imprevistos. Equipo de traballo completo e capacitado, con experiencia en proxectos similares.
Plans de traballo, migración e capacitación	Plan de traballo acorde as necesidades e plan de migración moi detallado e personalizado, con solucións individuais por máquina. Alta capacitación.
PUNTUACIÓN	47

### 4. CONCLUSIÓN GLOBAL

Tendo valorado todos os criterios de adxudicación avaliados a xuízo de valor (Anexo VI), as puntuacións globais obtidas por cada unha das empresas licitadoras son as que se detallan a continuación:

Empresa licitadora	1.5. Características da solución e capacidade técnica	Puntuación
INFORHOUSE, S.L.	47	47

Este é o meu informe, que se emite na Estrada a día 6 de febreiro de 2019,

Asinado dixitalmente á marxe

Marcos Andújar Mato

Responsable del departamento de Informática”

D. Marcos Andujar Mato, explica a Mesa cas valoracións outorgas a cada Licitador.

A Mesa por unanimidade acorda subscribir as puntuacións outorgadas no informe de valoración dos criterios non avaliábeis en cifras ou porcentaxes correspondente ao lote 2 denominado “Renovación e ampliación do CPD municipal”, que outorgan a **INFORHOUSE S.L.** a puntuación no **Sobre DOUS de 49 puntos**, desglosada do seguinte xeito:

- Deseño, arquitectura, características e detalle técnico da proposta: 30 puntos.
- Metodoloxía e equipo de traballo: 5 puntos
- Plans de traballo, migración e capacitación: 14 puntos.

**- APERTURA DA DOCUMENTACIÓN DOS CRITERIOS AVALIABLES EN CIFRAS OU PORCENTAXES. LOTE 1 “SUBMINISTRO, INSTALACIÓN E POSTA EN SERVIZO DE UN XESTOR DE BANDA ANCHA.”.**

1.- A Mesa de Contratación procede a realizar a apertura da oferta económica conforme ao previsto na cláusula 19 do PCAP, co seguinte resultado:

EMPRESA	PRECIO	PERIODO DISPOÑIBILIDADE REPOSTOS POR ENCIMA DO MÍNIMO	TEMPO MAX. REPRACIÓN POR DEBAIXO DO MAXIMO
INFORHOUSE S.L.	84.639,50 euros	24 meses	12 horas

**- APERTURA DA DOCUMENTACIÓN DOS CRITERIOS AVALIABLES EN CIFRAS OU PORCENTAXES. LOTE 2 “RENOVACIÓN E AMPLIACIÓN DO CPD MUNICIPAL”**

A Mesa de Contratación procede a realizar a apertura e valoración da oferta económica conforme ao previsto na cláusula 19 do PCAP, co seguinte resultado:

<b>INFORHOUSE S.L.</b>	<b>OFERTA</b>
PRECIO	128.139,00 euros
AMPLIACIÓN DO NÚMERO DE NÚCLEOS DOS PROCESADORES EN CADA UN DOS SERVIDORES OFERTADOS (6 puntos)	8 a maiores por procesador resultando un total de 16 por procesador.
AMPLIACIÓN DA MEMORIA RAM EN CADA UN DOS SERVIDORES OFERTADOS (6 puntos)	128 GB a maiores resultando un total de 256 GB.
AMPLIACIÓN DO ESPACIO NETO DE ALMACENAMENTO EN DISCOS DE TECNOLOXÍA FLASH/SSD (6 puntos)	4,9 Terabytes a maiores ata 6,4 Terabytes.
AMPLIACIÓN DO TAMAÑO DA MEMORIA CACHE NAS CONTROLADORAS DE TODOS OS SISTEMAS/CABINAS (6 puntos)	8 GB resultando un total de 16 GB.

2.- De seguido en xa en acto non público realizase a valoración da oferta co seguinte resultado:

**CLASIFICACIÓN DE OFERTAS:**

**LOTE 1 “SUBMINISTRO, INSTALACIÓN E POSTA EN SERVIZO DE UN XESTOR DE BANDA ANCHA.”.**

Unha vez realizados pola Mesa os cálculos das puntuación obtidas polo único licitador presentado e admitido e comprobado que non se realizou ningunha oferta anormalmente baixa segundo o establecido na cláusula 20 dos PCAP, procedese a asignar a puntuación correspondente a cada apartado valorado no sobre 3 co seguinte resultado:

<b>INFORHOUSE S.L.</b>	<b>PUNTOS</b>
PRECIO (37 puntos)	37
PERIODO DE DISPOÑIBILIDADE DE REPOSTOS POR ENCIMA DO MÍNIMO (12 puntos)	12
TEMPO MÁXIMO DE REPARACIÓN POR DEBAIXO DO MÁXIMO (6 puntos)	06
TOTAL (55 puntos)	55

Realizada a suma dos criterios non avaliados mediante fórmulas correspondentes ao arquivo electrónico 2 e os criterios avaliados mediante fórmulas correspondentes ao arquivo electrónico 3, obtense o seguinte resultado:

EMPRESA	Puntos arquivo 2	Puntos Arquivo 3	TOTAL PUNTOS
INFORHOUSE S.L.	37	55	92

## **LOTE 2 “RENOVACIÓN E AMPLIACIÓN DO CPD MUNICIPAL”.**

Unha vez realizados pola Mesa os cálculos das puntuación obtidas polo único licitador presentado e admitido e comprobado que non se realizou ningunha oferta anormalmente baixa segundo o establecido na cláusula 20 dos PCAP, procedese a asignar a puntuación correspondente a cada apartado valorado no sobre 3 co seguinte resultado:

<b>INFORHOUSE S.L.</b>	<b>PUNTOS</b>
PRECIO	31
AMPLIACIÓN DO NÚMERO DE NÚCLEOS DOS PROCESADORES EN CADA UN DOS SERVIDORES OFERTADOS (6 puntos)	6
AMPLIACIÓN DA MEMORIA RAM EN CADA UN DOS SERVIDORES OFERTADOS (6 puntos)	6
AMPLIACIÓN DO ESPACIO NETO DE ALMACENAMENTO EN DISCOS DE TECNOLOXIA FLASH/SSD (6 puntos)	6
AMPLIACIÓN DO TAMAÑO DA MEMORIA CACHE NAS CONTROLADORAS DE TODOS OS SISTEMAS/CABINAS (2 puntos)	2
TOTAL (51 PUNTOS)	51

Realizada a suma dos criterios non avaliados mediante fórmulas correspondentes ao arquivo electrónico 2 e os criterios avaliados mediante fórmulas correspondentes ao arquivo electrónico 3, obtense o seguinte resultado:

EMPRESA	Puntos arquivo 2	Puntos Arquivo 3	TOTAL PUNTOS
INFORHOUSE S.L.	47	51	98

a) En consecuencia con todo o anterior e coas previsións dos PCAP, e tendo en conta que solo concurríu e foi admitido un licitador, a Mesa propón ao Órgano de contratación a adxudicación do contrato a INFORHOUSE S.L., para realizar o subministro dos lotes:

- LOTE 1: "SUBMINISTRO, INSTALACIÓN E POSTA EN SERVIZO DE UN XESTOR DE BANDA ANCHA",
- LOTE 2: "RENOVACIÓN E AMPLIACIÓN DO CPD MUNICIPAL".

b) Requerir a empresa INFORHOUSE S.L., para que presente no prazo improrrogable de 10 días a contar desde o seguinte a que recibira o requirimento, segundo o establecido no art.145 da LCSP e na cláusula 22 dos PCPA, a seguintes documentación:

- Documentación establecida nas cláusulas 11 e 12 do PCAP, e calquera outra documentación que non figure no Rexistro de de Licitadores.
- Resgado da constitución da garantía definitiva de ambos lotes.
- Documentación xustificativa da existencia de un seguro de de responsabilidade civil por importe de 250.000 euros. (Clausula12.1, b)

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado este acto sendo as once horas e vintecinco minutos do día do seu comezo.

O PRESIDENTE DA MESA,

A SECRETARIA DA MESA,

(documento asinado electrónicamente á marxe)